CEFERINO DÍAZ

De indignados e outras crises

"Non se está a descubrir un novo mundo; moitas das ideas das que falan estaban aí, algunhas xa abordadas, outras de difícil plasmación e algunhas imposibles". **Páxina 6**



XOSÉ MANUEL BEIRAS

Reclamemos o imposíbel

"Os cidadáns indignados ousan 'reclamar o imposíbel', escandalizando aos domesticados benpensantes que asumen como imposíbel todo o que o sistema declara prohibido". **Páxina 3**

Legalizado o matrimonio gay en Nova York

Tras unha semana de tensas negociacións, convértese no sexto estado de EEUU que dá un paso adiante pola igualdade. **Páxina 12**

DOMINGO 26 . 06 . 2011 :: Nº 2.941 :: FUNDADO EN 2003 :: DIRECTOR: CAETANO DÍAZ VIDAL

www.galiciahoxe.com :: 1,50 EUROS

Galicia Hoxe

DOMINGO 26

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

SOL E CALOR DE LUME COS TERMÓMETROS A 40 GRAOS E TODA GALICIA EN ALERTA

ESTÁN CONSELLA QUENTE. Arden 33 hectáreas de monte preto das Fragas do Eume e as lapas obrigan a parar un tren na provincia de Ourense **Páx. 7**

PEPE ÁLVEZ / EL PROGRESO



PACO MARTÍN, NO CLUB DA 'LETRA E'

ESCRITOR NA SÚA TERRA. Paco Martín recibiu no seu Lugo natal a homenaxe *O escritor na súa terra*, iniciativa impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega dende hai dezaseis anos. Martín plantou un carballo ao carón dun monolito conmemorativo (na foto) e recibiu a *Letra E*, que o converte en socio de honra da AELG. **Páxina 21**

Venancio Salcines, economista

"En Galicia non se sabía por onde ía a reforma do sector financeiro"

Páxinas 8 e 9

Irene Penas, executiva de Everest

"Ás editoriais galegas cústalles defender os seus autores"

LECER

Altermundo

O 'estado de rebelión' chegou para quedar

Caderno central

MÉDICO ESPECIALISTA EN DERMATOLOXÍA E VENEREOLOXÍA

HUGO A. VÁZQUEZ VEIGA

Frei Rosendo Salvado, 15 · Edif. Zafiro · L 28 · SANTIAGO DE COMPOSTELA · CONSULTA PREVIA CITA · Telf. 981 549 682



Kalandraka exporta ao mercado chinés, alemán ou francés

Até os andeis de Corea chegan títulos galegos como 'A araña e mais eu' de Fran Alonso e Manuel G. Vicente. **Páx. 22**

Varela: "Galicia é mítica e máxica como a obra de Borges"

María Kodama pecha o ciclo literario do Gaiás cunha disertación sobre "a loita entre a civilización e a barbarie" do autor. **Páx. 23**

Cúmprense dous anos da morte de Jackson á espera de xuízo

En setembro deste ano saberase se o seu médico persoal, Conrad Murray, vai parar ao cárcere durante catro anos. **Páx. 24**

mare@galicia-hoxe.com

PEPE ÁLVEZ/EL PROGRESO



Paco Martín, pola dereita, recibiu onte de mans do presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega a peza escultórica de Silverio Rivas da Letra 'E'

Paco Martín 'ingresa' no 'E'

O escritor lugués Paco Martín ingresou onte no club da Letra 'E' da Asociación de Escritores en Lingua Galega, un galardón que lle entregou o seu presidente, Cesáreo Sánchez. Martín plantou na súa cidade natal un carballo, unha acción simbólica para o creador de Ramón Lamote, por tratarse da árbore ao redor da cal pasou a súa infancia.

Paco Martín, un dos catro Premios Nacionais de Literatura Infantil e Xuvenil galegos xunto a Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo e Fina Casalderrey, recibiu onte a homenaxe O Escritor na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), que este ano chegou á súa XVII edición. Os actos comezaron ás 11:30 horas na Avenida Ramón Ferreiro de Lugo, onde o homenaxeado plantou o carballo que elixiu por tratarse da árbore da súa infancia.

Un acto no que interviñeron o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, e Mercedes Queixas, secretaria da asociación, que recoñeceron a dilatada traxectoria deste autor, creador do mítico personaxe de Ramón Lamote co que tanto se identifica este mestre xubilado de 70 anos. Alí tamén se descubriu un monólito que honra ao autor de *Muxicas no espello*, *Dende a muralla* ou *O libro das adiviñas*.

A continuación, o salón de plenos do concello lugués acolleu o acto de entrega da Letra E, unha peza escultórica do artista Silverio Rivas que o homenaxeado recolleu das mans de Cesáreo Sánchez. O escritor lugués agradeceu este recoñecemento, que supón unha "gratificación" que vén dos seus propios compañeiros.

Lembrou ademais, os anos de docencia en galego, nos que sempre mantivo acesos os azos da lingua, coa intención de transmitirlle esa vontade á sociedade. Por iso, o autor mostrouse crítico coa política lingüística e educativa da actual Xunta, e reclamou que non se formen xeracións "incultas". ● MARÉ